


23 de abril de 2014



<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>

Día Mundial do Libro

Agradecemos a Paco Martín
o seu texto, "O libro", un agasallo
para as Bibliotecas Escolares de
Galicia no Día Mundial do Libro
e dos Dereitos de Autor/2014



O código secreto que permite o acceso á sala de mandos da nave espacial exploradora de futuros itinerarios siderais.

A bambeante escada de corda e táboas coa que abordar o áxil bergantín no que sucuar mares ignotos na procura do eterno tesouro da ilusión.

A estribeira na que pousar o pé para cabalgar o airoso alazán de galope tendido cara ao horizonte promisorio.

A fiestra aberta ao ar vivificador, franca aos saberes, ao pensamento diverso, ao voo da imaxinación, á descuberta venturosa de novos mundos, ao espello substancial do propio ser....

O libro!

PACO MARTÍN